



Expediente IET: P-21-868
Proxecto: Parque eólico O Sobredo
Concello: Arbo (Pontevedra)
Promotor: Parque eólico O Sobredo, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 27/05/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico O Sobredo.

1. Antecedentes:

Con data do 19/01/2022 o IET emite un informe sobre o proxecto. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debía axustarse ao disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008 (RLPPG), e completar as medidas preventivas segundo o establecido no artigo 30 do RLPPG. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre as medidas a ter en conta para acadar unha mellor integración paisaxística das infraestruturas.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto sectorial, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe é un escrito de resposta (data do 20/05/2022) ao informe do IET do 19/01/2022, e o estudo de impacto ambiental (documento con data de maio de 2022). O EsIA incorpora como anexo VIII un EIIP que se completa coa xustificación do cumprimento das directrices de paisaxe e no que se teñen en conta as consideracións



efectuadas no informe anterior. A este respecto cabe indicar que non se pode considerar correcta a avaliación presentada sobre os impactos aos afloramentos rochosos presentes na posición do aeroxerador 3, posto que non se inclúe información detallada dos elementos afectados nin se xustifica a inviabilidade técnica do desprazamento deste aeroxerador que evite a afección ás formacións rochosas.

Non se produce ningún cambio no deseño das instalacións do parque, polo que cabe ratificar as valoracións efectuadas no anterior informe sobre a incidencia do proxecto na paisaxe.

En canto as medidas preventivas e correctoras previstas no EIIP, poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberanse completar co que se sinala no punto seguinte.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase, en xeral, axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben para valorar a incidencia sobre os afloramentos rochosos deberase completar o EIIP con fotografías a pé de campo identificando as formacións afectadas e analizar o impacto sobre as mesmas, incorporando, de ser o caso, a xustificación á que se fai referencia no seguinte parágrafo.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean presentes as instalacións, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as áreas afectadas pola incidencia visual caben destacar os miradoiros e os núcleos rurais máis próximos. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. Tamén se producirán afeccións a elementos compositivos das paisaxes como son os afloramentos rochosos de granito, a este respecto, de acordo coa directriz de paisaxe DX.17.a4, deberase buscar unha localización alternativa para o aeroxerador 3 a fin de conservar estes elementos de valor paisaxístico, e de non ser viable tecnicamente o desprazamento, deberá quedar oportunamente xustificado no EIIP.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

